



DECRETO

Tras ver a proposta do deputado delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a teor do seguinte texto:

“Vista a situación derivada da pandemia por COVID-19 e as distintas ordes, resolucións e normativa de aplicación, que no ámbito específico do deporte, viñeron establecendo as condicións nas que debe desenvolverse a actividade deportiva, tanto para os adestramentos básicos en ligas non profesionais federadas, como para os adestramentos de carácter total en ligas profesionais.

Visto que o obxectivo primordial, tanto da normativa desenvolta, como do protocolo obxecto do presente informe, é limitar ao máximo posible a capacidade de transmisión do coronavirus no espazo de práctica ou centro deportivo, durante o feito deportivo, e despois do mesmo, neste caso, na utilización dos espazos e instalacións deportivas da Deputación de Lugo, Pazo de Deportes e os seus anexos.

Vista o informe do servizo de Deportes no que se indica que a RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, establece no seu punto 3.20.3, textualmente que:

3.20. Actividade e instalacións deportivas.

(...)

3. Cada instalación deportiva deberá publicar un protocolo para coñecemento xeral dos seus usuarios e que recollerá as distintas especificacións en función da tipoloxía de instalacións que, de ser o caso, poidan preverse nun protocolo básico aprobado polo Centro de Coordinación Operativa por proposta da Secretaría Xeral para o Deporte.

Visto que o deseño e desenvolvemento do respectivo protocolo de cada instalación deportiva, e de acordo co previsto na Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, é obriga da administración competente, protocolo que deberá publicar para coñecemento xeral dos seus usuarios/as e que recollerá as distintas especificacións en función da tipoloxía de instalacións.

Visto que o obxecto, por tanto, deste protocolo é dotármonos dun documento de traballo para o establecemento das medidas de prevención necesarias nos espazos deportivos das instalacións da Deputación de Lugo para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 e que deberá ser de aplicación para as actividades deportivas a desenvolver nas súas instalacións por deportistas individuais, clubs, asociacións e entidades deportivas, e no seu caso

Código Seguro de Verificación	IV674XBYZ4X633JTWAW4J5POMQ	Fecha	07/07/2020 21:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmante	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV674XBYZ4X633JTWAW4J5POMQ	Página	1/2



sociedades anónimas deportivas, e en consecuencia, independentemente da concesión demanial coa que conta CB BREOGÁN SAD.

Visto que se manteñen vixentes as distintas medidas de prevención e contención e que o protocolo trata de adaptar as circunstancias propias das nosas instalacións, sen prexuízo de calquera medida adicional que poida adoptar a administración competente para permitir o desenvolvemento da actividade coas limitacións e requisitos que no seu caso se fixarán e que habería que observar estritamente.

Vistas as correspondentes declaracións responsables relativas á aplicación do referido protocolo.

O deputado que subscribe, propón que pola Presidencia se adopte a seguinte Resolución

1.- Aprobar o protocolo de prevención e de normas de utilización do Pazo dos Deportes e os seus anexos e instalacións deportivas da Deputación de Lugo con motivo da crise sanitaria e pandemia por COVID-19 que se anexa á presente proposta.

2.- Publicar o protocolo na páxina web da Deputación de Lugo e comunicarllo aos usuarios/as das instalacións deportivas.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 26-07-2019
O DEPUTADO PROVINCIAL,

A SECRETARIA,

Asdo: Pablo Rivera Capón

Código Seguro de Verificación	IV674XBYZ4X633JTWAW4J5POMQ	Fecha	07/07/2020 21:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmante	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV674XBYZ4X633JTWAW4J5POMQ	Página	2/2

